



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

### ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Frades, en Sesión Ordinaria do xoves 26 de setembro de 2024, aprobou o seguinte ACORDO:

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

#### **ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DE PROXECTOS, DIRECCIÓNS DE OBRA, E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE.**

**EXPTE TEDEC: 2024/C004/000005**

Vista a providencia da alcaldía, informe de insuficiencia de medios e memoria xustificativa do contrato, nos que se xustifica a necesidade desta contratación, nos termos do art. 28 do TRLCSP, e pola que se inician os trámites para levar a cabo a contratación do servizo de redacción de proxectos, direccións de obra, e coordinación de seguridade e saúde.

Visto que o valor estimado como máximo ascende a 75.102,86€, IVE non incluído e que o orzamento de licitación ascende a 90.874,46 IVE incluído, estímase procedente a contratación mediante procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación (subxectivos e obxectivos).

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas, que constan no expediente TEDeC.

Constan informes emitidos pola Secretaría-Intervención municipais.

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda dous da LCSP, ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais, sendo polo tanto unha competencia da Xunta de Goberno Local.

Por todo o exposto, elévase a Xunta de Goberno Local, a seguinte proposta de acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación, o prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas, que rexerá a contratación, por procedemento aberto tramitación ordinaria, para a contratación do servizo de redacción de proxectos, direccións de obra, e coordinación de seguridade e saúde..

Dispónse a apertura do procedemento de adxudicación na modalidade de procedemento aberto e tramitación ordinaria.

**Segundo.-** Autorizar o gasto de 46.000 con cargo á aplicación orzamentaria 151 22706 do Orzamento Municipal 2024.

**Terceiro.-** Publicar o anuncio de licitación na plataforma de contratos do sector público. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas

**Cuarto.-** Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

Presidente/a: O alcalde- Presidente

Vocales:

*Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)*



**Concello de FRADES**

*Cimadevila, 10*

*15686 – FRADES (A Coruña)*

*Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579*

*e-mail: correo@frades.gal*

- 
- A Secretaria-Interventora municipal
  - A Arquitecta municipal
  - Concelleiro que teña atribuída a área de Hacienda.

Secretario/a: Pilar Carro Veiras

O Alcalde

Roberto Rey Martínez